

Periódico semanal
Fundado en 1907
Nº1.409

anosaterra

Marilar Aleixandre, escritora homenaxeada na súa terra. A autora de *A cabeza de Medusa* recibirá en Compostela o sábado 5 de xuño a homenaxe "A escritora na súa terra", impulsada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, que chega este ano a súa XVI edición. A celebración, pola que a terra do homenaxeado convértese no escenario dos actos programados, desenvolverase desta vez no Parque Avenida de Barcelona, no que se plantará un abruñeiro, árbore simbólica escollida pola autora, e se descubrirán o monolito conmemorativo e a placa que lle atribúe o nome da homenaxeada ao parque. Posteriormente faráselle entrega do galardón Letra E, a peza escultórica realizada por Silverio Rivas.●



ANOSATERRA
3-9 DE XUÑO DE 2010

CULTURA.29.